

SALA DE EXPOSICIÓNS TEMPORAIS (Achados arqueolóxicos)

No ano 1991, como paso previo ás obras de ampliación do Museo Provincial de Lugo, procedeuse a unha intervención arqueolóxica que afectou o subsolo das actuais Sala 7 e de Exposicións Temporais.

Como resultado, localizáronse os restos dunha construción vertebrada ao redor dun gran patio central, de 19 m de longo polo menos, delimitado espacialmente por un corredor ou pórtico perimetral duns 2,5 ms de anchura ao que se lle encostan diversas estancias, algunhas das cales contaban cun sistema hidráulico de entrada e evacuación de augas.

Nunha primeira interpretación, o conxunto parece formar parte dunha gran *domus*, unha casa rica, sen descartase, no seu caso, outros usos. Debía estar construída, na súa primeira fase, a finais do século I d. C., baixo a dinastía Flavia, sendo reformada trescentos anos despois, no século IV d. C., coa creación de novos ámbitos ou superposición de novos muros sobre anteriores.

Na ampliación programada, e co afán de conservación do MPL, máis aló da simple custodia de obxectos, a planta da edificación romana localizada foi “redebuxada” no pavimento desta nova Sala de Exposicións Temporais, mediante reberetes de granito de ton claro que destacan sobre o gris das laxas de lousa que conforman o chan xeral. Da mesma maneira, dous dos elementos mellor conservados deixáronse á vista, *in situ*.

Por unha banda, un segmento do pavimento de grandes laxas graníticas que constituía o chan do pórtico perimetral en torno ao gran patio central e, doutra, un novo segmento da canle que, desde algunhas das estancias, correndo baixo o chan do pórtico, continuaba en dirección W - E polo patio central.

SALA DE EXPOSICIONES TEMPORALES (Hallazgos arqueológicos)

En el año 1991, como paso previo a las obras de ampliación del Museo Provincial de Lugo, se procedió a una intervención arqueológica que afectó al subsuelo de las actuales Sala 7 y de Exposiciones Temporales.

Como resultado, se localizaros restos de una construción vertebrada en torno a un gran patio central, de 19 m de largo al menos, delimitado espacialmente por un corredor o pórtico perimetral de unos 2,5 ms de anchura al que se adosan diversas estancias, algunas de las cuales contaban con un sistema hidráulico de entrada y evacuación de aguas.

En una primera interpretación, el conjunto parece formar parte de una gran *domus*, una casa rica, sin descartase, en su caso, otros usos. Debía estar construida, en su primera fase, a finales del siglo I d. C., bajo la dinastía Flavia, siendo reformada trescientos años después, en el siglo IV d. C., con la creación de nuevos ámbitos o superposición de nuevos muros sobre anteriores.


En la ampliación programada, y con el afán de conservación del MPL, más allá de la simple custodia de objetos, la planta de la edificación romana localizada fue “redibujada” en el pavimento de esta nueva Sala de Exposiciones Temporales, mediante cenefas de granito de tono claro que destacan sobre el gris de las losas de pizarra que conforman el suelo general. De la misma manera, dos de los elementos mejor conservados se dejaron a la vista, *in situ*.

Por un lado, un segmento del pavimento de grandes losas graníticas que constituía el suelo del pórtico perimetral en torno al gran patio central y de otro, un nuevo segmento del canal que, desde algunas de las estancias, corriendo bajo el suelo del pórtico, continuaba en dirección W – E por el patio central.



PLANO

Sala de Expositi3ns Temporais / Sala de Exposiciones temporales.



Plano tomado de 3lvarez, Yolanda y L3pez, Luis Francisco:
 "Excavaciones en el 3rea de ampliaci3n del Museo Provincial de Lugo. Avance de los primeros resultados"
 Bolet3n Museo Provincial de Lugo, Tomo VI. 1993-1994, pag. 230.

-  Estruturas localizadas / Estructuras localizadas
-  Estruturas marcadas / Estructuras marcadas
-  Estruturas conservadas / Estructuras conservadas